

Presentación

JOSÉ MARÍA BARJA
Reitor da UDC

A palabra clave para o futuro da nosa Universidade, de calquera Universidade, é «calidade». Calidade na docencia, calidade na investigación, calidade nos servizos e calidade nas relacións co seu contorno. A excelencia como norte debe nutrir todas e cada unha das actividades que promove, alenta ou apoia unha institución coma a nosa.

Por iso, a Cátedra Jorge Juan nos vén servindo de referencia ao valorarmos as actividades de Extensión Universitaria en que se implica a Universidade da Coruña. Curso tras curso constátase, por unha banda, a exemplaridade da relación Universidade-Armada, para a que encontramos un acaído punto de encontro; por outra, o prestixio acadado polos ciclos de actividades que se programan e aos que a sociedade ferrolá presta una xenerosa e ampla atención.

Durante o curso 2005-2006, baixo a acertada xestión da profesora Araceli Torres, puidemos disfrutar, de novo, dun painel de conferencistas de primeiro nivel. Tivemos a oportunidade de ver e de escoitar a personalidades expertas en ámbitos tan dispares como o xornalismo, a literatura, a astronomía –coa inolvidable presenza do noso astronauta Pedro Duque– ou as matemáticas. En paralelo, o interese levantado polas Xornadas sobre o patrimonio histórico da Ilustración confirmou o atinado de volver o noso ollar sobre aspectos científicos e de outra índole naquel período clave para Ferrol.

Foi un excelente curso, para beneficio, sobre todo, dos cidadáns e das cidadás de Ferrol, e para prestixio da Universidade e de Armada.